

L
E
T
R
A
S

G
A
L
E
G
A
S

2
0
1
1


EDLG IES GONZALO TORRENTE BALLESTER


PONTEVEDRA

Lois Pereiro naceu en Monforte de Lemos no ano 1958.

Moi novo marchou a Madrid a estudar e alí, xunto con Antón Patiño, Xosé Manuel Pereiro e Manuel Rivas, fundou a revista "Loia", que só coñecería catro números (o último de 1978).

Nesta publicación apareceron poemas do escritor monfortino que posteriormente serían recollidos en "Poemas para unha loia"(1996).





En vida Pereiro só publicou dúas obras:

"Poemas 1981/1991" (1992) e

"Poesía de amor e enfermidade"

(1995), duros e espidos poemarios

en que se fan patentes as

pegadas expresionistas, as


referencias á literatura xermánica

e certos trazos da contracultura.

Enfermo de SIDA, Lois Pereiro faleceu o 24 de maio de 1996 a causa do envelenamento por aceite de colza desnaturalizado, o mesmo día que se coñeceu a sentenza.

Como mostra da crueza e nudez da súa poesía, sirva este célebre parágrafo dun dos seus poemas, epitafio gravado en pedra na súa tumba en Santa Cristina de Viso (Incio):

"Cuspídeme enriba cando pasedes por diante do lugar onde eu repouse, enviándome unha húmida mensaxe de vida e de furia necesaria."



Nese ano do seu finamento, o seu irmán, Xosé Manuel, fai que saia á luz "Poemas para unha Loia", que recolle obras da súa etapa madrileña, publicadas na revista Loia, e que inclúe o ensaio "Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal dá infamia".

Nel expón moitas das súas ideas e conviccións sociais e políticas, ofrecendo unha panorámica que inclúe unha chea de referencias directas a escritores, filósofos ou políticos dos que bebe.

Ademais, deixou oito capítulos dunha novela inacabada, "Náufragos do paradiso", publicados naquela revista que fora dirixida por Manolo Rivas, "*Luces de Galiza*".

Pero Lois Pereiro tamén lle puxera letras ás melodías do grupo punk Radio Océano, que o seu irmán lideraba. Porque o esforzo de Lois estivo canalizado cara á contracultura, na que militaba con vehemencia. E así, as súas verbas tamén se debuxan en fancines ou en escollidos guións.

(Poemas-1981-1991)

CORPORAL (je t'aim...)

Da boca a furia, os dentes:

as armas da paixón

que a pel intacta exploran e profanan

Carne de luxo

amor

tóxico inxecta

Callado o frío na man e na ferida

formiguea insurxente

e cicatriza

entre os peitos posibles

doutro trunfo

Pois cada tres segundos

Dúas pálpebras lubrican

Os seus ollos hostiles que non cren.

DESPOIS

Agora a penitencia

os arrepios.

Todo pechado dorme e falsifica:

frío en conserva ou febre delongada.

NARCISISMO

Sigo os pasos do sangue no meu corpo

e coa unlla do meu dedo máis firme

abro un sulco vermello en media lúa

na vea que me acolle tan azul.



PRESENTIMENTO

Odiada

intanxible

a as veas convertidas

en túneles de acougo e perigo

sulagan o corpo en mil soños

cando a lene espuma da sombra

anuncia as visións

que presinto.

Cal perfil do vento no ar quedo

un tremor incerto persiste

no espacio que o meu corpo invade

na luz que descobre e pervirte

a memoria gótica do terror

que sinto.

E convírtese finalmente en silencio


entre as ruínas do insonio na alborada

na máis feroz sentenza imaxinable

no medo definido a que me deixe

condenado a vivir só

cos meus pensamentos.



POESÍA ÚLTIMA DE AMOR E
ENFERMIDADE 1992-1995

CURIOSIDADE

**Saber que está un á morte
e o corpo é unha paisaxe de batalla:
unha carnicería no cerebro.**

**¿Permitirías ti, amor deserto,
que nesta febre penitente abrise
a derradeira porta e a pechase
detrás miña, sonámbulo e impasible,
ou porías o pé
entre ela e o destino?**

(Novembro,92)



**Namorado outra vez
do amor que levo dentro
a sede enfurecida dun futuro
esgotou as miñas alternativas
levándome dereito cara ó impacto:
un proxectil conxelado no aire
a poucos metros dun corazón frío
e agardo o menor signo de calor
para abrir a súa pel e entral no sangue
vencido pola forza do desexo
cegamente e sen medo
ó posible desastre.**

(Xuño,95)

XVIII

**Hai cousas para as que segue a ser única
como entrar na súa vida a sangue e ferro
en petición de axuda.**

**E cando un se desfai por dentro
esvaecido
só ela atende e cura esa emerxencia.**

**Ou converter un destino impulsivo
nun erro pervertido
innecesario.**

(Xullo,95)